

## **Acta da Sesión Ordinaria da Comisión Calidade do 27 de outubro de 2014**

### **Asistentes:**

Aneiros Pereira, Jaime

Arias Martínez, María Antonia

Fernández Acevedo, Rafael

Gómez Villaverde, Raúl

Guerrero Gesteira, Isabel

Muleiro Parada, Luis

Orge Míguez, José Carlos

Rodríguez Rodríguez, Emma

Torres Pérez, Francisco José

**Excusan a súa asistencia:** Araújo Fernández, Isaac Borja, Pillado González, Esther

Da comezo a reunión sendo as 12.00 da mañá co seguinte orde do día:

- 1. Lectura e aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.**
- 2. Aprobación, se procede, dos informes de seguimento definitivos das titulacións do centro do curso 2013/ 14.**
- 3. Rolda aberta de intervencións.**

### **1.- Lectura e aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores**

Apróbase a acta da reunión anterior.

### **2.- Aprobación, se procede, dos informes de seguimento definitivos das titulacións do centro do curso 2013/ 14.**

O Coordinador de Calidade do Centro, Francisco Torres, informa das principais variacións dos auto informes de seguimento que se van a aprobar con respecto aos auto informes provisionais que, no seu momento, foron aprobados tanto pola Xunta de Facultade como por esta Comisión de Calidade.

Trala revisión técnica dos mesmos que fixo a Área de Calidade da UVigo, as modificacións de carácter técnico focalizáronse en tres aspectos: a mellora da denominada información pública, a valoración dos indicadores de satisfacción e de rendemento relativos ao curso 2013/2014 -dado que cando se entregaron os informes provisionais a Área de Calidade aínda non estaban dispoñibles os datos referentes a tal curso, e, finalmente, a modificación e reordenación dos datos consignados no apartado 9 referente ao Sistema de Garantía Interno de Calidade dos auto informes. Os auto informes que sexan aquí aprobados serán subidos a aplicación do SGIC hoxe mesmo para o seu posterior envío a ACSUG o día 31 de outubro pola Área de Calidade.

Sometidos a aprobación, os auto informes definitivos apróbanse por asentimento.

### **3.- Rolda aberta de intervencións.**

Faise a presentación da nova composición da Comisión de Calidade. Está formada polos seguintes membros:

Aneiros Pereira, Jaime.	Coordinador Grado en Dereito
Araújo Fernández, Isaac Borja	Representante alumando egresado
Arias Martínez, María Antonia	Coordinadora Máster en Avogacía
Cabaleiro, Margarita	Representación do PAS: Administradora de Centro
Fernández Acevedo, Rafael	Coordinador Grao en RRL e RRHH
Gómez Villaverde, Raúl	Representante Sociedade
Guerrero Gesteira, Isabel	Representante alumnado
Orge Míguez, José Carlos	Representante profesorado
Pillado González, Esther	Coordinadora Máster Menores
Pita Grandal, Ana María	Decana
Rodríguez Rodríguez, Emma	Coordinadora Máster Dirección e Xestión Laboral
Torres Pérez, Francisco José	Coordinador Calidade

Preséntase a aquelas persoas integrantes da Comisión que asisten por primeira vez a mesma: Dna. Isabel Guerrero, en representación do alumnado, D. Raúl Gómez Villaverde, en representación da sociedade, e D. José Carlos Orge Míguez en representación do profesorado do Centro,

D. Raúl Gómez fai a súa presentación aos integrantes da Comisión. Na actualidade preside o Colexio de Graduados Sociais da provincia de Pontevedra.

O Coordinador de Calidade informa que na reunión do Director e Técnicos da Área de Calidade da UVigo do pasado 23 de outubro, informouse puntualmente sobre o proceso de visita aos centros -que, no noso caso, terá lugar a finais de xaneiro de 2015-

Dna. Emma Rodríguez, coordinadora do Máster en Dirección e Xestión Laboral, informa sobre as especialidades do seu título por tratarse dun master interuniversitario.

**Compromiso:** Durante a próxima semana remitirá tanto o informe de coordinación do citado título como o informe de seguimento relativo ao curso 2013/2014 para que sexan incorporados ao noso SGIC.

**Prazo de execución:** antes do 31 de outubro de 2014.

Para finalizar, o coordinador de Calidade agradece o gran esforzo que teñen feito tódolos coordinadores e coordinadoras das diferentes titulacións para elaborar e remitir os seus autoinformes no prazo establecido.

Non habendo mais intervencións, levántase a sesión as 12:20 do día sinalado, do que dou fe como secretario.

O Secretario

Visto e prace

Francisco José Torres Pérez

Ana María Pita Grandal

Coordinador de Calidade

Decana